



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 18 DE FEBREIRO DE 2021,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Acceso ao Parque Empresarial de Lebozán (conexión OU-212), de clave OU/19/024.06, no concello de Beariz.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Cenlle, dun treito antigo da N-120 denominado Variante de Trasariz.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña para o proxecto denominado Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ 2ª FASE), por un importe total de cento vinte e cinco mil euros (125.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das obras de conservación e mellora da envolvente no conxunto arquitectónico dos colexios de Fonseca e S. Xerome, por importe total de catrocentos dez mil setecentos oitenta e un euros con corenta e catro céntimos (410.781,44€).

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de instalación de torre de secado e liña butter-oil, en Monforte de Lemos, de Oviganic Ibérica, S.L.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do contrato de xestión do servizo público para a explotación da ampliación da estación depuradora de augas residuais dos Praceres, Pontevedra, clave OH.336.775/XSP, por importe de dous millóns trescentos trinta e cinco mil douscentos sesenta e tres euros con vinte e nove céntimos (2.335.263,29€), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do contrato de xestión do servizo público para a xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais dos Praceres, Pontevedra, de clave OH.336.744/XSP, por importe de setecentos seis mil cento setenta e catro euros con noventa e nove céntimos (706.174,99€), IVE incluído.

**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 80%, sen constitución de garantías, derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, e se convocan para o ano 2021, por un importe total dun millón catrocentos mil euros (1.400.000 €).

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se suspende a tramitación do expediente sancionador 2020169PL-CO en materia de saúde pública instruído na Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña, relativo ás entidades Club de Fútbol Fuenlabrada SAD e Liga Nacional de Fútbol Profesional.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia no Concello da Arnoia (Ourense). Expediente 17/2021. Importe de licitación: oitocentos oitenta mil cento trinta e un euros con oitenta céntimos (880.131,80€). Valor estimado: cinco millóns oitenta mil setenta e oito euros con oito céntimos (5.080.078,08€).



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta aos recollidos no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2021, 2022, 2023, e 2024 (código do procedemento BS403C). Total: un millón seiscientos setenta e dous mil euros (1.672.000 €).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre o Plan de colaboración coas Policía Local para o cumprimento das medidas anticovid nos establecementos hostaleiros.
- Informe sobre os grupos de emerxencia supramunicipais (GES).

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre os programas da Axencia Galega de Innovación (Gain) para impulsar o talento en Galicia.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe acerca da proposta de bonificacións para implantar na peaxe na Autoestrada do Atlántico, AP-9.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan de intervencións psicosociais para atención e apoio do persoal do Servizo Galego de Saúde.
- Informe técnico do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2020.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo tramite de emerxencia da subministración de material sanitario e outros consumibles para a realización de programas de cribado e diagnóstico e para a campaña de vacinación do covid-19, por importe dun millón catrocentos noventa



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

e oito mil cento quince euros con trinta e nove céntimos, IVE incluído (1.498.115,39 €).

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a ampliación da acreditación concedida por ENAC a Intecmar.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR O ACCESO AO PARQUE EMPRESARIAL DE BEARIZ DESDE A ESTRADA OU-212 CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 390.000 EUROS

- *O decreto de utilidade pública inclúe as expropiacións de 6 predios precisos para as obras, que teñen por obxectivo darlle operatividade ao futuro polígono de Lebozán*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras na primavera*
- *Construirase unha intersección que permite todos os movementos con cuñas de aceleración e deceleración, así como un carril central de espera para os xiros desde a vía autonómica cara ao futuro parque empresarial*
- *O deseño adáptase ás particularidades da contorna aproveitando as estruturas existentes sobre un regato afluente do rego de Ponte da Pedra*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar as obras de acceso ao parque empresarial de Lebozán, en Beariz, desde a estrada OU-212.

O orzamento estimado polo Goberno galego para este proxecto supera os 390.000 euros, en que se inclúen o pagamento das expropiacións dos 6 predios necesarios para executar esta actuación.

As obras teñen como obxectivo darlle operatividade ao futuro parque empresarial de Lebozán. Esta conexión vén concretar a proposta prevista no Plan especial de creación de solo industrial neste concello ourensán, desenvolvendo a solución prevista no informe de sustentabilidade ambiental do citado plan especial

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras na primavera. As obras teñen un prazo de execución de 4 meses.

A actuación proxectada prevé a execución dun novo acceso desde a estrada OU-212 entre os puntos quilométricos 1+542 e 1+771 na súa marxe esquerda.

A solución desenvolvida polo departamento de Infraestruturas da Xunta é a resultante da realización previa dunha análise de 6 alternativas desde o punto de vista da súa xeometría, funcionalidade e seguridade viaria.

Para iso, proxéctase unha intersección que permite todos os movementos con cuñas de aceleración e deceleración de 30 metros de lonxitude, así como un carril central de espera para os xiros desde a estrada OU-212 cara ao futuro parque empresarial.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O deseño adáptase ás particularidades da contorna aproveitando as estruturas existentes sobre un regato afluente do rego de Ponte da Pedra e respectando os parámetros indicados na normativa.

Na actuación prevese unha canalización baixo a berma que serve de protección contra os desprendementos de terras, en previsión da necesidade futura de darlle continuidade á iluminación viaria do parque empresarial.

No seguinte plano amósase a planta xeral da actuación:



**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE CENLLE DA TRAVESÍA DE TRASARIZ, QUE SERÁ REFORMADA CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 170.000 EUROS**

- *O municipio asumiu o compromiso de aceptar, de xeito previo á licitación das obras, a titularidade dun tramo antigo da N-210 de competencia autonómica*
- *Trátase de executar unha senda peonil ao longo de 450 metros de lonxitude que une este tramo antigo de vía co núcleo de Trasariz*
- *As obras mellorarán a accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida e acondicionarán o contorno da Casa do Concello*
- *Coa transferencia, o Concello ourensán asumirá a conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características, onde non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas*
- *O Goberno galego segue a apostar pola mellora das infraestruturas e polo fomento dunha mobilidade a pé máis segura e sustentable, tamén nos municipios máis pequenos, contribuíndo á calidade de vida dos seus veciños*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Cenlle dun treito antigo da N-120 denominado travesía de Trasariz, como paso previo á súa reforma, que se levará a cabo cun investimento autonómico de máis de 170.000 euros.

O Concello de Cenlle e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade asinaron este pasado mes de xaneiro un convenio de colaboración para executar as obras de humanización e o reforzo da seguridade neste antigo treito de titularidade autonómica, de preto de 450 metros de lonxitude, que conecta co núcleo de Trasariz.

Mediante este convenio, a Xunta asume o custo da execución das actuacións, mentres que o municipio ourensán asumiu o compromiso de aceptar, de xeito previo á licitación do contrato de obras, a titularidade deste treito antigo de titularidade autonómica.

As obras que executará o Concello de Cenlle grazas ao convenio asinado teñen por obxecto a construción dunha senda peonil, para favorecer o tránsito seguro dos veciños de Cenlle, ao tempo que se mellorará a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida e se contribuirá a humanizar o contorno da Casa do Concello.

A actuación proxectada comprende a execución dun itinerario peonil nesta travesía, que non dispón actualmente de beirarrúas nin delimitación de carrís, pero conta cun ancho suficiente para poder construír esa senda. A senda irá pavimentada e con bordo de formigón a ambos os dous lados, como separación co propio pavimento da travesía.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Nos traballos inclúese a instalación de tubos e sumidoiros para lograr a correcta drenaxe do escoamento superficial e, tamén, xunto ao edificio do Concello, a execución dun muro de contención co fin de lograr un maior espazo para dar cabida á senda. Ademais, renovarase a sinalización vertical e horizontal ao longo da travesía.

Coa transferencia, o Concello de Cenlle asumirá a conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características, sen ser de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos.

O Goberno galego continúa traballando a prol da mellora das infraestruturas e polo fomento dunha mobilidade a pé máis segura e sustentable, tamén nos municipios máis pequenos coma este de Cenlle, contribuíndo á calidade de vida dos seus veciños.



**O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO COA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A XESTIÓN DE RECURSOS HÍDRICOS EN MOZAMBIQUE**

- *O proxecto ten como obxectivo contribuír á prevención e mitigación dos impactos do cambio climático en Mozambique a través do fortalecemento das capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos*
- *O presente proxecto dá continuidade ás anteriores accións desenvolvidas no marco do convenio asinado en 2019 para a xestión da seca en Mozambique*
- *A Xunta vén executando proxectos e programas en países cun baixo índice de desenvolvemento por medio de instrumentos de cooperación técnica e económica para a innovación e o fortalecemento das capacidades técnicas nestes países*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira, Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña para o proxecto Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique, que conta cun orzamento de 125.000 euros.

O proxecto ten como obxectivo xeral o de contribuír á prevención e mitigación dos impactos do cambio climático en Mozambique en relación cos impactos derivados de eventos hidrolóxicos extremos e coa escaseza de auga, a través do fortalecemento das capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos con enfoque de bacía en Mozambique.

O presente proxecto Aqua-Moz, Secara 2ª Fase é continuidade das anteriores accións desenvolvidas no marco do convenio asinado o 6 de agosto de 2019 por estes mesmos actores no marco da xestión da seca en Mozambique. No ano 2019, durante a primeira fase de execución do proxecto, identificouse e deuse comezo á liña de acción centrada na seca do presente proxecto coa cal se traballou no desenvolvemento e implementación dun sistema de monitoraxe da seca na bacía dos ríos Umbeluzi e Incomati, definíronse os procedementos xerais de xestión e do funcionamento interno da ARA Sur en relación coa xestión da seca e mellorouse a monitoraxe do estado dos embalses.

Este traballo terá continuidade con esta segunda fase en que as accións se centrarán na ampliación das bacías obxecto de monitoraxe e na mellora dos procedementos de xestión. Dada a experiencia e capacidades que a Xunta de Galicia ten acumuladas no ámbito da xestión dos recursos hídricos, considérase que neste sector se pode proporcionar un maior valor engadido nas súas intervencións, tal e como se vén poñendo de manifesto en diversas rexións e países, particularmente en Mozambique,



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

onde existe un importante traballo de acompañamento e apoio coordinado coas administracións e institucións con competencia en materia de xestión de recursos hídricos, ao que se espera dar continuidade nos vindeiros anos.

A Xunta de Galicia vén executando proxectos e programas en países cun baixo índice de desenvolvemento humano por medio dos instrumentos de cooperación técnica e económica en colaboración con outros entes, públicos e privados, co criterio orientador de que as transferencias de coñecemento inducen á innovación e ao fortalecemento das capacidades técnicas nos países receptores.



**A XUNTA INVESTIRÁ MAIS DE 410.000 EUROS EN OBRAS DE MELLORA NAS FACHADAS DOS COLEXIOS DE FONSECA E SAN XEROME**

- *O Goberno galego considera de especial interese levar adiante estes traballos no núcleo histórico de Santiago de Compostela, declarado Patrimonio da Humanidade*
- *Trátase do conxunto arquitectónico que conforma a mazá que pecha a praza do Obradoiro pola súa parte meridional*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Vicepresidencia Primeira, a través da Axencia de Turismo de Galicia, e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de obras de conservación e mellora das fachadas dos colexios de Fonseca e San Xerome por importe de 410.781 euros e cun prazo de execución previsto de tres meses.

O Goberno galego considera de especial interese na promoción da imaxe turística de Galicia levar adiante estes traballos no núcleo histórico de Santiago de Compostela, declarado patrimonio da humanidade, dado o valor indubidable destes dous edificios, de titularidade da USC.

Estes traballos de mellora e conservación veñen completar as obras de acondicionamento que se están a levar adiante fundamentalmente na contorna da Catedral de Santiago, destino final do Camiño e de milleiros de peregrinos que visitarán este conxunto nos vindeiros anos. Estes dous edificios están no conxunto que pecha a praza do Obradoiro, pola súa parte meridional, conformando un dos cuarteiróns máis singulares da trama urbana da cidade de Santiago de Compostela.

**Intervención necesaria**

O Colexio de Fonseca é o edificio máis antigo e máis grande do conxunto mentres que o Colexio de San Xerome, actual reitoría da Universidade, dá fronte coa súa fachada principal á praza do Obradoiro, constituíndo o seu peche meridional.

Ambos foron reformados en 1978 para a súa adaptación ás novas funcións asignadas pero, dado o tempo transcorrido desde as últimas intervencións nos inmobles, os expertos determinaron que é precisa unha intervención sistemática, tanto nas cubertas como nos paramentos verticais e na carpintaría exterior, de xeito que se mellore a súa integridade.

Con este obxectivo levaranse adiante estas obras de reforma que tamén inclúen traballos para mellorar a estanquidade á auga e ao vento de cubertas e carpintaría. Ademais, os paramentos de cantaría, que son nos que menos se interveu nas ocasións



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

anteriores, están necesitados dunha coidadosa limpeza para garantir a súa durabilidade e evitar a súa prematura deterioración.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA O PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA PLANTA DE OVIGANIC IBÉRICA EN MONFORTE

- *A produtora de derivados lácteos investirá máis de 16M€ en dúas novas liñas de fabricación de leite en po para alimentación infantil e aceite de manteiga, que suporán a creación de 50 postos de traballo entre directos e indirectos*
- *Impulsa o desenvolvemento produtivo a nivel local de explotacións gandeiras, a mellora da competitividade e a presenza internacional a través da innovación*
- *Actualmente, a compañía está desenvolvendo outras dúas novas liñas de traballo en que tamén se están investindo 16M€ e coas que se prevé xerar outros 17 empregos*
- *É a terceira iniciativa empresarial prioritaria de Galicia, despois da declaración o ano pasado do futuro campus tecnolóxico de Cortizo en Padrón e da planta de Albo na Plisan, aos cales van asociados 350 novos empregos e investimentos de 60M€*
- *Grazas a esta figura recollida na Lei de implantación empresarial e que se consolidará na Lei de reactivación económica que se tramita no Parlamento, os prazos de tramitación redúcense á metade, facilitando así a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade*

O Consello da Xunta declarou iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de Oviganic Ibérica para a ampliación e modernización da planta produtiva que a empresa ten no municipio de Monforte de Lemos (Lugo). Así, a declaración aprobada hoxe permite dar carácter prioritario aos trámites que son competencia do Goberno galego para a posta en marcha desta actuación, reducindo os prazos administrativos á metade ao tempo que se manteñen todos os requisitos técnicos e normativos. O obxectivo último é axilizar a execución deste proxecto que prevé a creación de ao redor de 50 novos postos de traballo entre directos e indirectos e investimentos por valor de 16 millóns de euros.

A ampliación e modernización da fábrica –adquirida polo grupo chinés YeePer en 2019– ten como finalidade ampliar a súa capacidade produtiva e mellorar a súa competitividade, construíndo unha nova liña de fabricación de leite en po para alimentos infantís de alta gama e instalando unha planta de elaboración -a partir de nata procedente de leite de ovella, cabra e vaca- de aceite de manteiga, preparado base para a produción doutros produtos alimenticios.

O proxecto suporá a eliminación de custos económicos e ambientais completando nun mesmo territorio as cadeas de subministración de materias primas e elaboración dos produtos, e implicará aforros enerxéticos importantes no proceso produtivo, no envasado, no transporte e na comercialización. Ademais, a partir do seu deseño como iniciativa tractorsa que complementa cadeas de valor, prevé dinamizar sectores



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

económicos estratéxicos para Galicia, como as explotacións gandeiras de gando bovino, ovino e caprino.

Oviganic Ibérica vén desenvolvendo de forma innovadora programas de industrialización e comercialización de produtos lácteos destinados á venda no exterior e que comercializa principalmente en China. Ademais da posta en marcha do proxecto declarado hoxe iniciativa empresarial prioritaria, a empresa está a realizar na actualidade investimentos por valor de case 16 millóns de euros para crear dúas novas liñas de desmineralización de soro e de envasado de mestura seca, que suporán un incremento do cadro de persoal a 66 traballadores, 17 máis dos actuais.

Ademais, a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, concedeu á empresa unha axuda de 3 millóns de euros para apoiar un proxecto enmarcado nos apoios de transformación e comercialización de produtos agrarios que teñen como obxectivo fomentar os investimentos para a creación, ampliación e modernización deste tipo de instalacións.

**Nova planta de Albo na Plisan e campus tecnolóxico Cortizo**

O proxecto de Oviganic Ibérica é a terceira iniciativa empresarial prioritaria de Galicia, unha figura recollida na Lei de implantación empresarial e que se consolidará na Lei de reactivación económica que se tramita no Parlamento. Búscase así potenciar a captación de investimentos e a creación de emprego de calidade con máis simplificación administrativa, máis incentivos fiscais ás empresas e máis facilidades para acceder ao solo empresarial.

Así, en xuño do ano pasado o Consello da Xunta catalogou como prioritarias as iniciativas das empresas Hijos de Carlos Albo, para a construción dunha nova planta produtiva na Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves (Plisan); e Aluminios Cortizo, para a creación dun campus tecnolóxico no municipio de Padrón. A execución de ambos os proxectos suporá a creación de, polo menos, 350 postos de traballo directos e investimentos por valor de 60 millóns de euros.

A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, e o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios a través da Oficina Doing Business, creada polo Goberno galego para contribuír á eliminación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial.

**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 3 M€ PARA A EXPLOTACIÓN DA DEPURADORA DOS PRACERES DE PONTEVEDRA**

- *Con este acordo, a Xunta prorroga durante un ano a xestión e explotación desta infraestrutura hidráulica que dá servizo aos concellos de Pontevedra, Marín e Poio*
- *A Xunta presta o servizo de depuración da rede conectada a esta depuradora desde 2007, sendo o Concello de Pontevedra o único das grandes cidades galegas que non asume a xestión da súa depuradora*
- *O Goberno galego está a mobilizar máis de 30 M€ nas obras de mellora da depuradora dos Praceres e no impulso da construción do emisario submarino*
- *Augas de Galicia, a pesar de que o saneamento e o abastecemento son responsabilidades municipais, explota na actualidade un total de 28 depuradoras*
- *A explotación e o mantemento das infraestruturas hidráulicas contribúen á correcta depuración das augas residuais e á prestación de servizos eficientes*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento de máis de 3 millóns de euros para a explotación da estación depuradora de augas residuais dos Praceres de Pontevedra, por parte da Xunta.

Coa autorización de hoxe, a Xunta prorroga durante o vindeiro ano a xestión e explotación desta infraestrutura hidráulica que dá servizo aos concellos de Pontevedra, Marín e Poio.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, presta o servizo de depuración da rede conectada a esta depuradora desde o 2007 mediante dous contratos, un para a explotación das instalacións orixinais e outro para a explotación da ampliación executada en 2005.

Neste sentido, cómpre lembrar que o Concello de Pontevedra é o único de todas as grandes cidades galegas que non asume a explotación da súa depuradora. A Xunta fíxose cargo en 2007 da xestión da planta, o que supón uns custos de explotación acumulados de 38 millóns de euros.

A Xunta está a mobilizar actualmente un investimento de máis de 30 millóns de euros nas obras de mellora da depuradora dos Praceres e no impulso da construción do novo emisario submarino, de 3,6 km de lonxitude, que permitirá unha mellor devolución das augas limpas á ría.

Ademais, a Xunta identificou 10 novas actuacións para avanzar no saneamento da ría de Pontevedra nas cales investirá 15 millóns de euros, para mellorar a rede de saneamento e axudar aos concellos nun mellor desenvolvemento das súas competencias. Os concellos deben colaborar para facilitar a execución de todas as



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

actuacións necesarias e contribuír de xeito conxunto á mellora do marisqueo, da acuicultura, da pesca, do turismo e da calidade de vida dos veciños desta área.

### Explotación de 28 depuradoras

A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade de carácter municipal. Non obstante, o Executivo autonómico vén proporcionando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen.

Na actualidade o organismo hidráulico da Xunta encárgase de prestar estes servizos de depuración en 28 estacións depuradoras de augas residuais.

A explotación e o mantemento das infraestruturas hidráulicas teñen como obxectivos garantir a correcta depuración das augas residuais e ofrecer uns servizos que respondan ás necesidades reais da poboación.

Estas tarefas comprenden as accións necesarias para o funcionamento axeitado das instalacións de forma ininterrompida co fin de acadar uns índices de depuración que cumpran os límites establecidos na normativa de aplicación.



## A XUNTA APOIA CON 1,4M€ OS PROGRAMAS DE ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL DIRIXIDOS A MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases para a convocatoria deste ano coa que se financian proxectos de atención personalizada e especializada para mulleres vítimas de violencia de xénero, de explotación sexual-laboral, inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas e ex-reclusas, entre outras*
- *Inclúese tamén axudas para recursos integrais específicos para mulleres en situación de especial vulnerabilidade xestantes ou lactantes con fillos ou fillas menores de tres anos*
- *A contía máxima que pode percibir unha entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro é de 40.000 euros*
- *A Administración autonómica investiu nesta iniciativa máis de 13M€ desde o ano 2009, o que permitiu o apoio de 682 programas*

A Xunta investirá este ano 1,4 millóns de euros nas axudas destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a posta en marcha de programas específicos de recursos integrais de atención especializada destinados en exclusivo a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. A contía máxima da axuda que se poderá conceder a cada entidade é de 40.000 euros.

Teñen a consideración de mulleres en situación de especial vulnerabilidade as vítimas de violencia de xénero; de explotación sexual-laboral; inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, pertencentes a unha minoría étnica ou reclusas e ex-reclusas, entre outros supostos.

Ao abeiro desta convocatoria, cuxas bases se aprobaron hoxe no Consello da Xunta, financiaranse programas que inclúan recursos integrais específicos para mulleres en situación de especial vulnerabilidade xestantes ou lactantes con fillos ou fillas menores de tres anos dirixidos a promover o seu desenvolvemento persoal, familiar e laboral e a súa autonomía económica e afectiva, co fin de evitar que unha situación desexable poida converterse nun factor de exclusión.

Así mesmo, a Consellería de Emprego e Igualdade tamén financiará iniciativas de atención personalizada e especializada para aquelas mulleres pertencentes aos colectivos expostos. Neste caso, o programa debe prever actuacións personalizadas como atención psicolóxica, asesoramento xurídico, mediación, adquisición de habilidades persoais e sociais ou apoio e orientación laboral.

O proxecto, ademais, debe ter en conta o diferencial feminino e o fomento da igualdade de oportunidades como elemento básico da atención especializada que deben recibir as mulleres en situación de vulnerabilidade pertencentes ao colectivo ou



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

colectivos a que se dirixe, co obxecto de mellorar as súas expectativas persoais, sociais e laborais de cara á súa integración en termos de igualdade. Un dos obxectivos principais da medida é, ademais da atención personalizada a estes colectivos, a mellora da súa empregabilidade.

O período de referencia para o desenvolvemento do programa e para a imputación dos gastos subvencionables será o comprendido entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021, ambos os dous incluídos.

O ano pasado recibiron axuda un total de 74 entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro. A Administración autonómica investiu nesta orde de axudas máis de 13 millóns de euros desde 2009, o que permitiu o apoio a 682 programas.



## **A XUNTA SUSPENDE TEMPORALMENTE O EXPEDIENTE AO CLUB DE FÚTBOL FUENLABRADA E Á LIGA DE FÚTBOL PROFESIONAL TRAS UN INFORME PERICIAL QUE PON EN COÑECEMENTO DO XULGADO**

- *A decisión tomouse despois de que un informe xurídico recomendase a suspensión do procedemento sancionador atendendo ao principio de preferencia do procedemento penal sobre o administrativo*
- *A Xunta retomará o expediente unha vez esgotada a vía xudicial*
- *O Consello da Xunta acordou a suspensión do proceso administrativo mentres non se resolva o procedemento penal aberto polo Xulgado de Instrución número 6 da Coruña*

O Consello da Xunta tomou a decisión de suspender temporalmente o expediente aberto ao Club de Fútbol Fuenlabrada e á Liga Profesional de Fútbol polas posibles responsabilidades derivadas dos feitos que tiveron lugar o pasado 20 de xullo de 2020, cando o equipo madrileño se desprazou á Coruña para xogar un partido e os feitos coincidiron cun gromo de coronavirus. A decisión adoptouse tendo en conta un informe xurídico que aconsella a suspensión do expediente por atoparse aberto un procedemento xudicial.

A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta, tendo en conta a análise dos feitos e valoracións que se recollen nun informe pericial dun experto en saúde pública solicitado pola Administración, informou a favor da suspensión temporal do expediente, atendendo ao principio de preferencia do procedemento penal sobre o administrativo, dada a coincidencia ou superposición parcial nos feitos que constitúen o obxecto dos dous procedementos (as circunstancias concorrentes na decisión do Fuenlabrada e a Liga de viaxar á Coruña). A Consellería de Sanidade, a través da súa Delegación Territorial na Coruña, investigaba a posible responsabilidade dos equipos directivos do Fuenlabrada e da Liga de Fútbol no incumprimento das normas sanitarias impostas a raíz da pandemia de coronavirus. Era, polo tanto, un expediente administrativo por unha posible infracción contra a saúde pública, en canto que a investigación xudicial do Xulgado número 6 da Coruña se basea na posible comisión dun delito de lesións o doutro contra os dereitos dos traballadores.

Malia tratarse de expedientes cun fundamento distinto, a Asesoría Xurídica aconsella a suspensión temporal do que tiña aberto a Xunta porque, ademais da preferencia do procedemento xudicial sobre o administrativo, aprécianse outras cuestións, como a necesidade de evitar “unha contradición” se finalmente a Xustiza establece “uns feitos diferentes”. Segundo os asesores da Xunta, “esta solución evita calquera risco de eventuais contradicións entre a xurisdición penal e a administrativa en canto aos feitos



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

e, polo tanto, o risco xurídico que podería afectar o resultado útil do procedemento administrativo e o ben xurídico que se pretende protexer nel, a saúde pública”.

O informe xurídico destaca que a Administración autonómica actuou desde o primeiro momento de forma correcta, pois comunicou a existencia do procedemento ao xulgado, manifestando que entendía que a actuación da Administración tiña un fundamento distinto da actuación do xulgado, pois dirixíase á protección da saúde pública. A necesidade de suspensión neste momento do procedemento deriva do deber da Administración de esperar á determinación definitiva dos feitos pola xurisdición penal e así evitar unha eventual contradición que podería pór en perigo o resultado do expediente administrativo sancionador.

Paralelamente, a Administración autonómica considera que o ditame pericial emitido, dado o seu contido, pode ter un indubidable interese para o proceso penal e achegar a este elementos de relevancia, polo que, de acordo co deber de colaboración coa Administración de xustiza, dará traslado deste ao xulgado.

A decisión, que agora se deberá comunicar ao xulgado instrutor, non implica que a Xunta renuncie a retomar o expediente sancionador unha vez rematado o proceso xudicial. De feito, no escrito ao xulgado herculino solicitarase que, en canto finalice o proceso penal, se dea conta á Administración autonómica ante a posibilidade de continuar o procedemento sancionador “partindo dos feitos determinados na vía penal”.

### Feitos investigados

A apertura do expediente por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña, que se iniciou o 3 de agosto do 2020, veu motivada polos feitos que tiveron lugar na cidade herculina o 20 de xullo do 2020, cando os xogadores do Club de Fútbol Fuenlabrada se desprazaron á Coruña para xogar un partido de Liga contra o Deportivo da Coruña, feito que coincidiu coa aparición dun gromo de coronavirus. Acordouse, polo tanto, investigar a posible responsabilidade do equipo de fútbol madrileño e da Liga de Fútbol nun posible incumprimento dos protocolos de corentenas e da comunicación dos casos positivos ás autoridades sanitarias galegas. Ese mesmo día, o Xulgado de Instrución número 6 da Coruña abriu dilixencias penais por un posible delito de lesións e contra os dereitos dos traballadores.

**A XUNTA RENOVA A CONTRATACIÓN DE 46 PRAZAS PÚBLICAS EN RESIDENCIAS NO CONCELLO DA ARNOIA POR UN IMPORTE DE 880.000 EUROS ANUAIS**

- *O contrato será prorrogable ata un máximo de cinco anos*

O Consello da Xunta informou hoxe da renovación de 46 prazas públicas en residencias de maiores do concello da Arnoia, á que destinará un importe anual de 880.000 euros. Na actualidade, o Goberno galego conta con 52 prazas concertadas neste municipio, entre as cales están as que volven saír a licitación e seis máis cuxo contrato aínda está vixente.

A duración do contrato será inicialmente dun ano, aínda que será prorrogable ata un máximo de cinco. O orzamento base de licitación para o primeiro ano será de 880.000 euros, mentres o valor estimado do contrato para as cinco anualidades ascende a 5 millóns de euros.



## A XUNTA HABILITA UNHA NOVA CONVOCATORIA PARA QUE GALICIA CONTE CON 100 CASAS NIÑO ESTE ANO

- *Investiranse 2 millóns de euros para a creación de ata 100 novas prazas gratuítas novas de atención á infancia en 20 concellos*
- *O Goberno galego xa apoiou a posta en marcha de 77 casas niño, que poñen 385 prazas á disposición de nenas e nenos de menos de tres anos*

O Consello da Xunta de Galicia habilita un investimento de 2 millóns de euros para a creación de 100 novas prazas de casas niño, pequenos centros en concellos de menos de 5000 habitantes sen ningunha outra opción de conciliación. Con esta nova convocatoria, o Executivo autonómico pretende chegar ás 100 casas niño ao longo deste 2021.

Do importe total da convocatoria, 300.000 euros serán para obras de adecuación dos inmobles, 15.000 euros por cada un deles; e 1,3 millóns para o funcionamento diario do servizo de casa niño, 19.600 euros anuais por cada casa. Cómpre recordar que hoxe en día, a Administración autonómica xa apoiou a posta en marcha de 77 casas niño, que ofrecen 385 prazas totalmente gratuítas de atención á infancia.

Esta iniciativa é unha das liñas mestras da actuación da Xunta en materia de conciliación. Súmase a outras medidas como a gratuidade das escolas infantís para segundo fillo e sucesivos, a Tarxeta Benvida da que xa se teñen beneficiado 67.000 galegas e galgos ou o Bono Concilia para axudar a pagar a escola infantil a aquelas familias que non puidesen acceder a unha praza pública.



## A XUNTA ABORDARÁ COS CONCELLOS A COLABORACIÓN A TRAVÉS DAS POLICÍAS LOCAIS PARA O CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS ANTICOVID NOS ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS

- *O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe sobre este plan co que se pretende garantir a seguridade na reapertura dos negocios de hostalería*
- *Comprobarase que o local informa e respecta o límite de aforo, o horario de apertura e peche e o cumprimento das medidas de prevención ante a covid-19 como a distancia mínima de seguridade ou o uso obrigatorio da máscara*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe polo que se da conta do Plan de colaboración coas policía locais para o cumprimento das medidas anticovid nos establecementos hostaleiros, que se abordará mañá na Comisión Galega de Cooperación Local, cos membros da FEGAMP que a integran en representación das entidades locais de Galicia, concellos e deputacións.

A Xunta ofrece así un horizonte de estabilidade e seguridade no marco do Plan de hostelería segura, baseado en tres piares fundamentais: a máxima seguridade para entrar, a máxima seguridade ante un posible gromo e o máximo control das persoas clientes dos locais a través deste plan de colaboración coas policía locais. Para iso, é necesario que os establecementos da hostalería cumpran as normas antes de volver abrir co único fin de garantir a seguridade e a permanencia desas aperturas.

Deste xeito, emprazarase aos concellos a necesidade de asegurar o cumprimento das restricións vixentes nos establecementos abertos ao público con licenza municipal, ben coa súa propia Policía Local ou co apoio do resto de Corpos e Forzas de Seguridade no caso de que teñan menos de dous axentes ou non dispoñan de corpo propio, como así o recolle a normativa autonómica mediante a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas.

O obxectivo é que as forzas e corpos de seguridade comproben o cumprimento das medidas de prevención. Así, vixiarase que o local informa da capacidade máxima permitida, que se respecta o horario de apertura e peche e que, tanto os clientes como os empregados, compren coa distancia mínima de seguridade e o uso obrigatorio de máscara.

Este plan contará coa colaboración de todas as entidades locais no convencemento de que este é o camiño o que máis interesa aos profesionais da hostalería para que poidan volver traballar sen ter que dar pasos atrás.

O Goberno galego, ademais de ofrecer seguridade ao sector no proceso de desescalada, continúa a apoiar á hostalería e hoxe o Diario Oficial de Galicia publicou a





XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

primeira das dúas liñas do II Plan de Rescate con 75 millóns de euros que, sumados aos I Plan de Rescate, supoñen 160 millóns de euros mobilizados en apenas 4 meses.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



## A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 3M€ ESTE ANO PARA REFORZAR O EQUIPAMENTO DOS GES NA NOSA COMUNIDADE

- *O informe presentado hoxe no Consello da Xunta recolle que o Goberno galego leva investidos case 40 millóns de euros para o funcionamento destes grupos e 8 millóns para a dotación de material*
- *Aínda que estes servizos son competencia fundamentalmente de carácter local, a Xunta achega máis da metade do custo anual dos 29 GES e 4 servizos municipais da comunidade*
- *A Administración autonómica aposta por completar e mellorar o mapa de emerxencias da comunidade coa creación este ano, en coordinación coas deputacións e concellos, de 5 novos GES, 2 deles en Ourense, 3 en Pontevedra e 1 servizo municipal en Noia*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao informe onde se especifica que o Goberno galego destinou nos últimos 11 anos máis de 48 millóns de euros ao funcionamento e equipamento dos grupos de emerxencias supramunicipais (GES), así como na formación dos seus efectivos.

Neste sentido, continuará a reforzar este ano a dotación de equipamento aos GES da comunidade para que contén co material necesario para levar a cabo as súas intervencións con todas garantías. Así, ademais dos 5 millóns en material xa entregado en anos anteriores, o Goberno galego adquirirá equipamento por un importe de máis de 3,1 millóns de euros para entregar ao longo deste 2021.

Entre o material previsto para entregar este exercicio inclúense, entre outro material, 7 bombas rurais pesadas e 7 bombas urbanas lixeiras para a loita contra incendios, 3 furgonetas de servizos varios para intervención en lumes, 6 equipos de excarceración e 5 cuñas quitaneves.

Aínda que é unha competencia fundamentalmente de carácter local, dos concellos no caso de municipios de máis de 20.000 habitantes e das deputacións provinciais nos concellos de menos de 20.000 veciños, a Xunta colaborou decisivamente para ampliar a rede de parques comarcais e crear unha rede de grupos de emerxencia supramunicipais que permiten unha cobertura destacada en todo o territorio.

O investimento total dos GES desde a súa creación supera os 48 millóns de euros no seu funcionamento, así como na formación dos seus efectivos e na dotación de material. Aos 40 millóns de euros investidos no funcionamento destes grupos, hai que sumar mais de 8 millóns -incluíndo o importe previsto para este ano- en material cedido aos concellos sede destes grupos de emerxencia supramunicipais, que tras a



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

creación dos novos GES dan cobertura a 190 concellos (39 na Coruña, 39 en Lugo, 68 en Ourense e 44 en Pontevedra) e os gastos en materia de formación do persoal.

As achegas da Xunta terán continuidade neste ano para seguir dotando de material os GES xa existentes, xunto aos 5 novos grupos e á supramunicipalización dun servizo municipal de emerxencias.

Ademais, a Xunta mantén o seu compromiso coa formación do persoal destes servizos de emerxencias, e tanto a preparación inicial do persoal dos novos GES que se crean como os distintos cursos e actividades dirixidos aos efectivos destes grupos lévanse a cabo na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), onde xa se impartiron 29 cursos con 422 alumnos que tiveron un custo de case 280.000 euros.

A Xunta, en coordinación coas entidades locais con competencias -as deputacións provinciais e os concellos-, acordou o pasado novembro na Comisión de Seguimento de GES en que están representadas estas administracións, ampliar e completar o mapa de emerxencias de Galicia e dar un mellor servizo de atención aos cidadáns ante calquera intervención.

Así, a comunidade galega contará con 5 novos GES: 2 na provincia de Ourense con sedes na Veiga e Maceda e 3 na de Pontevedra con bases na Lama, A Cañiza e Mos/Redondela, este último cunha subsele en cada un dos dous municipios. A eles súmase o servizo municipal no concello coruñés de Noia. Cos novos servizos, o mapa de emerxencias de Galicia contará con 29 GES e 4 servizos municipais.

O Goberno galego reafirma así o seu compromiso coa creación e mantemento destes grupos, e a posta en marcha novos GES supón un incremento de 300.000 euros do investimento anual da Xunta nestes servizos ata os 4,8 millóns de euros, máis da metade do seu custo anual. Ademais, as achegas do Goberno galego para financiar os cinco consorcios provinciais e comarcais de extinción e de incendios e salvamento superan os 9,8 millóns de euros.

## A XUNTA IMPULSA A ATRACCIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO EN GALICIA AO COLABORAR CON 2M€ NA CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 100 PROFESIONAIS VINCULADOS A ACTIVIDADES DE I+D+i

- *A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación activa dous programas para fomentar o emprego cualificado e nos que primará os contratos de máis longa duración, o salario que se percibirá, a existencia de plans de formación nas empresas e o acceso da muller ao mercado laboral*
- *A sexta convocatoria do Principia permitirá que empresas e organismos de investigación incorporen 100 mozos e mozas de ata 35 anos de idade, con apoios de ata 10.000 euros por contrato*
- *Talento Sénior, que chega á súa cuarta edición, facilitará a contratación de arredor de 14 tecnólogos ou investigadores doutores con máis de cinco anos de experiencia para que desenvolvan a súa carreira profesional en Galicia*
- *Estes programas contribuíron ata a data á incorporación de 578 profesionais grazas a apoios que suman 10,4 millóns de euros*

A Xunta, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, vai activar nas próximas semanas dúas novas edicións dos programas Principia e Talento Sénior, dotados con 2,1 millóns de euros no seu conxunto, co obxectivo de continuar a xerar, reter e atraer talento a Galicia. Con estas iniciativas, a Administración autonómica continúa a fomentar o emprego cualificado baixo a premisa de que o capital humano é o factor diferencial máis importante á hora de determinar o desempeño innovador das empresas e entidades.

Así, a sexta edición do programa Principia, cun orzamento de 1.080.000 euros, permitirá que empresas e organismos de investigación contraten persoal técnico, mozo e cualificado, para abordar actuacións de I+D+i, prevendo a incorporación de arredor de 100 mozos e mozas de ata 35 anos de idade. Os apoios serán de 10.000 euros por contrato, que debe ter unha duración mínima dun ano e estar formalizado desde o 1 de xaneiro do ano 2021 e ata o 1 de novembro de 2021). As entidades que o soliciten poderán ademais ser beneficiarias dun bono de formación por un importe de 1000€ por cada traballador incorporado mediante este programa.

Por outra banda, a través da cuarta convocatoria de Talento Sénior facilitarase a contratación de arredor de 14 tecnólogos ou investigadores doutores con máis de cinco anos de experiencia en empresas, organismos de investigación non universitarios públicos e privados e centros tecnolóxicos.

Con Talento Sénior, o obxectivo é a atracción e retorno deste persoal de alta cualificación para que continúe desenvolvendo a súa carreira profesional en Galicia,



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

así como estimular a demanda no sector público e privado deste tipo de perfís para acometer proxectos de I+D+i. Os incentivos á contratación variarán entre un 40% e un 60% en función da retribución bruta, que será dun mínimo de 40.000 euros. Os contratos serán dun período mínimo de tres anos e poderán estar formalizados desde o pasado 1 de xaneiro ata o vindeiro 1 de outubro.

As anteriores convocatorias destes programas permitiron ata a data a incorporación de 578 profesionais cualificados (542 a través de Principia e 36 mediante Talento Sénior) a actividades de I+D+i nas empresas e centros de coñecemento galegos, grazas a apoios por 10,4 millóns de euros que permitiron mobilizar preto de 19 millóns.

### Emprego feminino

Con estas iniciativas búscase impulsar o emprego cualificado e de calidade, primando, nos seus criterios de avaliación, os contratos indefinidos ou de máis longa duración, o salario a percibir para a contratación de traballadores, ou a existencia de plans de formación nas empresas.

Tamén se impulsa o emprego feminino e a incorporación das mulleres ás actividades de I+D+i. As convocatorias contan con medidas de fomento da participación feminina no eido da ciencia e a innovación, incluíndo nos criterios de adxudicación unha importante reserva de puntos para os perfís femininos. O obxectivo final é contribuír a un sistema de innovación máis igualitario en Galicia.

Estas actuacións complementáanse con outras liñas que forman parte do Programa Talento 2018-2021, como é o Oportunus, que desde a súa posta en marcha axudou a realizar cinco contratos a gañadores ERC; e Ignicia, que permitiu o apoio de máis de 120 postos de traballo; así como os programas de apoio ás etapas predoutorais e posdoutorais.

Con estas iniciativas contribuíuse a incrementar o persoal dedicado a actividades no ámbito da I+D+i en Galicia, e así, segundo os últimos datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), esta cifra aumentou na Comunidade nun 18,34% na última lexislatura, seis puntos máis que a media do Estado, chegando aos niveis máis altos de toda a serie histórica con 10.085 persoas en I+D e 6.724 investigadoras e investigadores. Ao mesmo tempo séguese a incrementar a incorporación das mulleres ás actividades de I+D+i, representando o 41,20%, por riba da media nacional que é do 40,62%.

**A XUNTA PRESENTA UNHA PROPOSTA DE BONIFICACIÓNS PARA A AP-9 QUE INCLÚE A VOLTA GRATIS E UN DESCONTO ADICIONAL DO 25% NA IDA PARA OS USUARIOS QUE VAIAN E VOLVAN NUN INTERVALO DE 24 HORAS**

- *O Goberno galego formula un modelo de descontos para que os 50 millóns dos orzamentos do Estado se traduzan nas bonificacións máis xustas e útiles para os galegos e eviten o aumento de beneficios da concesionaria*
- *Prímase as bonificacións aos usuarios recorrentes, coa gratuidade da viaxe de retorno para os vehículos lixeiros con telepeaxe calquera día da semana*
- *Os desprazamentos que se realicen nun intervalo de 24 horas, salvo en domingos e festivos, terán un desconto adicional na ida do 25%*
- *Prevese unha bonificación do 60% nas viaxes de ida e na volta para todas as categorías de vehículos pesados, co fin de mellorar a competitividade, fomentar o uso da AP-9 fronte ás estradas convencionais e reforzar a seguridade viaria*
- *A proposta prevé maiores descontos aos usuarios recorrentes e para os transportistas de mercadorías, ademais de recoller bonificacións en horario nocturno, para as familias numerosas e para os vehículos menos contaminantes*

A Xunta presenta unha proposta de bonificacións para a AP-9 que inclúe a gratuidade da viaxe de volta, cunha bonificación adicional dun 25% na ida cando os usuarios vaian e volvan nun intervalo de 24 horas.

O Consello da Xunta abordou hoxe a proposta formulada polo Executivo autonómico para aplicar as bonificacións das peaxes recollidas nos orzamentos xerais do Estado, por importe de 50 millóns de euros, da forma máis xusta e útil para os galegos e evitando o incremento de beneficios para a concesionaria.

Máis concretamente, a proposta da Xunta prima as bonificacións aos usuarios recorrentes, coa gratuidade da viaxe de retorno para aqueles vehículos lixeiros que usen o sistema de telepeaxe, con independencia do día da semana que sexa.

A medida está pensada para beneficiar os usuarios recorrentes, tendo en conta tamén aqueles traballadores que teñan quenda de noite, como por exemplo o colectivo sanitario, xa que empezan e rematan a xornada laboral en días distintos. Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, estímase que o 6,1% dos empregados traballan en horario nocturno máis da metade dos días laborables, polo que poderán ser potenciais beneficiarios desta medida proposta pola Xunta.

Tamén tendo en conta maiores beneficios aos usuarios recorrentes da AP-9, a Xunta propón unha bonificación adicional na ida do 25% para os vehículos lixeiros con telepeaxe que volvan nun intervalo de 24 horas, salvo en domingos e festivos.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Ademais, co obxectivo de mellorar a competitividade do sector do transporte de mercadorías por estrada, fomentar o uso da autoestrada fronte ás vías convencionais e reforzar a seguridade viaria, o Goberno galego propón bonificar o 60% na ida e na volta para todas as categorías de vehículos pesados (pesados I e II).

Prevese que esta medida axudaría a desconxestionar os itinerarios alternativos gratuítos, diminuindo a accidentalidade e xerando, ao mesmo tempo, aforro á Administración titular desas vías convencionais, xa que se reducirían os custos asociados á conservación de estradas.

A proposta formulada pola Xunta para as peaxes da AP-9 recolle maiores descontos aos usuarios recorrentes e para os transportistas de mercadorías por estrada, pero tamén prevé bonificacións en horario nocturno, para as familias numerosas e para os vehículos menos contaminantes.

A proposta bonificacións para as peaxes da AP-9 da Xunta parte dun mellor coñecemento da realidade territorial de Galicia e baséase en formular alternativas máis xustas e beneficiosas para os galegos, evitando que a aplicación das bonificacións nas tarifas supoña un incremento da rendibilidade para a concesionaria da autoestrada.

No establecemento das bonificacións o Goberno galego tivo especialmente en conta as vantaxes para os distintos colectivos e o aproveitamento máximo do potencial que supón a AP-9 para captar tráfico de estradas convencionais saturadas e cunha alta sinistralidade, xa que é unha vía que conecta as principais cidades galegas (Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo) clave, tanto para a mobilidade na Comunidade como para a competitividade do tecido produtivo.

Nas estimacións do custo que suporían para a Administración estatal as diferentes bonificacións que se aplicarían na AP-9, a Xunta considerou os 50 millóns de euros previstos nos orzamentos xerais do Estado para 2021, estimando a perda de ingresos para a concesionaria polas bonificacións que se establezan, o incremento de ingresos que produciría o tráfico inducido e o incremento do custo de conservación.

Á marxe das bonificacións sobre as peaxes da AP-9, cómpre tamén que o Goberno de España cumpra os compromisos asumidos en relación coa autoestrada, liberando a peaxe de Redondela, pendente desde 2018, e deixando sen efecto as subas extraordinarias das peaxes, que o Consello Consultivo de Galicia ditaminou nulas de pleno dereito.



## SANIDADE PRESENTA UN PLAN DE APOIO E ATENCIÓN AO PERSOAL DO SERGAS NA PANDEMIA DE COVID-19

- *Este plan constata o compromiso da Xunta de Galicia co benestar dos 44.000 profesionais que traballan nas institucións sanitarias do Sergas*
- *Con este plan reforzarase a organización, fomentando a comunicación e a participación interna; e adoptaranse medidas cara ao benestar emocional de todo o persoal cun programa de apoio e acompañamento psicolóxico*
- *O orzamento para levar a cabo esta iniciativa supera o medio millón de euros*

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, presentou hoxe, no Consello da Xunta, o Plan de intervención psicosocial para o apoio e a atención ao persoal do Sergas na pandemia da covid. Este plan ten por obxecto dar un recoñecemento explícito ao persoal e dar, tamén, unha resposta unificada en todas as áreas para previr e minimizar as repercusións sobre a saúde e o benestar emocional dos 44.000 profesionais que traballan nas institucións sanitarias do Sergas durante a crise sanitaria.

A pandemia da covid creou unha situación imprevista e excepcional para a toda a sociedade a nivel mundial con repercusións en moitas esferas da vida, entre elas as de carácter psicosocial.

O persoal do Sergas é susceptible de padecer todos os efectos adversos que a poboación xeral sufriu como consecuencia da pandemia, pero, ademais, expónse a factores de risco psicosocial específicos derivados das condicións de traballo subxacentes ao contexto de crise sanitaria. Por este motivo, e desde unha perspectiva integral da saúde, faise imprescindible adoptar medidas específicas para o apoio e atención de todo o persoal que desenvolve o seu labor na sanidade pública de Galicia, dando o mellor de si mesmo cada día.

### Estratexias de intervención

Con este obxectivo, o Plan inclúe distintas liñas de actuación e estratexias de intervención. As estratexias realizaranse cun programa de acompañamento e apoio psicolóxico a profesionais "Cóidate para coidar", que contará, como mínimo en cada área sanitaria, cun profesional da psicoloxía clínica específico para profesionais, e co apoio de psiquiatra e dos servizos de prevención de riscos laborais para impulsar este programa.

Resulta necesario e de xustiza manifestar, potenciar e soste o recoñecemento ao traballo e dedicación de todo o persoal durante a pandemia. Nesta liña, prevense accións para facilitar á cidadanía a transmisión do seu agradecemento baixo o lema #grazasxtanto. Os centros disporán de caixas de correo físicas en lugares visibles para



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

que os pacientes poidan escribir aos profesionais, e estes visibilizar, de forma tanxible, o recoñecemento da cidadanía. Así, tamén, haberá contas de correo electrónico, entre outras iniciativas de participación cidadá.

Tamén se incidirá na “escoita activa” como organización, establecéndose canles claras e eficaces de comunicación interna e participación para incrementar o coñecemento sobre a situación da pandemia na área sanitaria en que traballa e as accións que se están a levar a cabo para o seu control (vacinación, cribados, datos epidemiolóxicos, actualizacións de protocolos e procedementos de traballo, etc.), fomentando, tamén, a súa participación na toma de decisións. Estas actuacións incidirán, directamente, coas previstas para a promoción do liderado saudable e do traballo en equipo e colaborativo, piares básicos nunha organización de éxito compartido.

De xeito simultáneo a estas medidas, elaboraranse pautas e accións formativas relacionadas co autocoidado emocional. O día 2 de marzo comezarán estas accións que estarán á disposición de todo o persoal por vía telemática, contando coa presenza de Alejandra Vallejo-Nagéra, psicóloga e experta en xestión do estrés, ansiedade e mindfulness; está prevista, tamén, o mes seguinte, a colaboración de Rafael Santandreu, psicólogo, terapeuta e comunicador no ámbito do benestar emocional.

Para levar a cabo este programa, está previsto un orzamento de máis de medio millón de euros, a maior parte do cal, 445.997 euros, vai destinado á incorporación de persoal psicólogo clínico en cada unha das áreas sanitarias no ano 2021, dentro do Plan de Saúde Mental poscovid 2020-2024. Así como de accións estratéxicas de formación, caixas de correo, paneis e diverso material de difusión.

### **Declaración institucional**

Este plan, que será implantado de xeito inmediato nas áreas sanitarias, está apoiado por unha declaración institucional, en que a Consellería de Sanidade e o equipo directivo do Sergas quere transmitir ao persoal o recoñecemento público e de apoio durante a pandemia sanitaria, manifestando e asumindo un firme compromiso co benestar e a saúde psicosocial de todas as persoas que traballan na organización, reforzando medidas xa articuladas e impulsando novas actuacións e estratexias para coidar a todas as persoas que están a desenvolver o seu labor ao longo das diferentes etapas da crise.



## PRETO DO 98% DAS ZONAS DE BAÑO DO CENSO OFICIAL DE GALICIA OBTIVERON UNHA CLASIFICACIÓN SANITARIA EXCELENTE OU BOA NA TEMPADA 2020

- *O 90,5% das zonas de baño considéranse excelentes, o que supón a mellor porcentaxe desde que se emprega o sistema de cálculo da clasificación sanitaria actual*
- *En total, revisáronse 490 zonas de baño con 507 puntos de mostraxe que se atopan en 114 concellos*
- *En 2020, ademais, fíxose un seguimento do cumprimento da normativa da prevención da covid-19, o que supuxo o peche temporal de cinco zonas de baño continentais na provincia de Ourense, por mor do seu baixo caudal*

A Dirección Xeral de Saúde Pública presentou o informe final sobre o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño 2020. En Galicia, as zonas de baño con clasificación excelente ou boa supoñen o 98,7% de todas as que forman parte do censo.

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño. Cada tempada, elabórase un censo oficial de zonas de baño. No censo da tempada 2020 figuran un total de 490 zonas de baño, con 507 puntos de mostraxe que se atopan en 114 concellos.

Destes 507 puntos de mostraxe, o 90,5% obtivo unha clasificación sanitaria excelente. Trátase da mellor porcentaxe desde que se comezou a empregar o sistema de cálculo da clasificación sanitaria actual adaptado á normativa europea, en 2011, cando se situou no 70,7%.

Durante 2020, o 7,3 % das zonas de baño obtiveron unha clasificación boa e o 2 % unha clasificación suficiente. Tan só no 0,2% dos puntos de mostraxe analizados se atopou unha clasificación insuficiente. En xeral, obsérvase unha tendencia á mellora na calidade das augas de baño cada tempada, ao aumentar a porcentaxe de praias con clasificación sanitaria excelente e diminuír aquelas con clasificación sanitaria insuficiente.

A vixilancia sanitaria realizouse no 100% dos puntos de mostraxe censados. Todos os episodios de contaminación foron comunicados aos concellos implicados. Esta vixilancia é importante porque o uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde dos usuarios. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen en augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

persoas expostas pode ser elevado debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño.

Cómpre destacar que, en 2020 tamén se fixo seguimento do cumprimento da normativa de prevención da covid-19 nas zonas de baño. As restricións pola pandemia supuxeron o peche temporal de cinco zonas de baño continental na provincia de Ourense, atendendo ás recomendacións do Ministerio de Sanidade de non bañarse en zonas de auga doce de escaso caudal.

### Desenvolvemento do programa

A tempada de baño establécese, con carácter xeral, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro de cada ano. A vixilancia sanitaria das zonas de baño establécese mediante a mostraxe periódica da auga das zonas de baño incluídas no censo. Recóllense en total 10 mostras de cada zona de baño, unha antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo desta cunha periodicidade aproximadamente quincenal.

Nas mostras de auga analízanse os parámetros microbiolóxicos enterococos intestinais e *Escherichia coli*. Ao final da tempada, cos resultados obtidos calcúlase a clasificación sanitaria de cada zona de baño mediante o sistema descrito na Directiva 2006/7/CE. Tamén se leva a cabo, en coordinación coas administracións competentes, a xestión do risco para a saúde derivado da exposición ás cianobacterias e ás súas toxinas nos encoros con zonas de baño.

Desde o inicio da tempada, infórmase da clasificación sanitaria das augas de baño e dos resultados microbiolóxicos obtidos nas mostraxes, na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública e no mapa de zonas de baño de Galicia. Ao final da tempada, os resultados microbiolóxicos introdúcense no Sistema de información nacional de augas de baño (Náyade), que pode consultar toda a poboación a través do acceso ao cidadán. Unha vez calculada a clasificación sanitaria final de cada zona de baño, publícase tamén na páxina web da Dirección Xeral. Deste xeito, facilítase que todos os usuarios das zonas de baño teñan información suficiente e facilmente dispoñible sobre a calidade das augas.

No caso de augas con clasificación sanitaria insuficiente, a autoridade competente velará para que se adopten medidas que incluírán a prohibición do baño ou a recomendación de absterse deste, para evitar a exposición dos bañistas á contaminación. Tamén deberán determinarse as causas e motivos polos que non se acadara clasificación suficiente e adoptar as actuacións axeitadas para previr, reducir ou eliminar as causas de contaminación, ademais da comunicación á poboación desta información.

**A XUNTA INVISTE PRETO DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS EN MATERIAIS E CONSUMIBLES PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE CRIBADO E PARA A CAMPAÑA DE VACINACIÓN DA COVID**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a contratación, polo trámite de emerxencia, da subministración de materiais e outros consumibles para a realización de programas de cribado e diagnóstico da covid, así como para a campaña de vacinación fronte ao coronavirus, por un importe de 1.498.115 euros.

O Goberno galego remarca que, para a contención da pandemia, unha das actividades complementarias á atención sanitaria propiamente dita é a realización de programas de cribado e diagnóstico da covid ao maior número de poboación afectada, e, con esta iniciativa, adquirense os materiais e consumibles necesarios para a realización destas probas.

Ademais, o Consello da Xunta, na súa reunión do 17 de decembro, aprobou o Plan de vacinación fronte á covid, que busca xerar, progresivamente, a inmunidade de grupo necesaria na poboación galega, de tal xeito que posibilite superar a crise sanitaria actual. Dadas as características das vacinas, debe achegarse aos puntos de vacinación o material funxible necesario para a súa preparación e administración, polo que a Xunta de Galicia adquire as agullas e xiringas que se precisan.

Así, mércanse 4,8 millóns de xiringas, 1,5 millóns de agullas hipodérmicas, test de detección de antíxenos, ou desinfectante para superficies, entre outro material.





## **GALICIA ACREDITA A SÚA SOLVENCIA NO CONTROL DOS BIVALVOS COA OBTENCIÓN DA ACREDITACIÓN PARA CATRO NOVOS MÉTODOS DE ENSAIO**

- *Este fito supón un avance na capacidade analítica do instituto, que está acreditado xa para 23 tipos de ensaios distintos, e unha mellora na seguridade alimentaria, así como na protección dos consumidores*
- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a ampliación da acreditación concedida a finais de 2020 pola Entidade Nacional de Acreditación ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia*
- *A decisión é froito dunha auditoría realizada ao centro en 2020 e avala a súa capacitación para catro novos ensaios relacionados con contaminantes químicos e coas toxinas paralizantes nos moluscos bivalvos*
- *É froito do traballo realizado nos últimos anos para renovar os equipamentos e as instalacións do ente dependente da Consellería do Mar, unha aposta que se mantén nos orzamentos deste ano*
- *O Intecmar conta coa acreditación da ENAC desde 1999, unha certificación que renovou e ampliou desde entón tras superar con éxito 18 auditorías externas*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe en que se dá conta da ampliación da acreditación outorgada pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) a finais de 2020 ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) para catro novos ensaios relacionados coas toxinas paralizantes nos moluscos bivalvos, cos metais pesados e con distintos tipos de residuos (praguicidas organoclorados e policlorobifenilos). O fito acadado polo centro dependente da Consellería do Mar supón que estea acreditado xa para 23 ensaios e dar un paso máis na mellora do control da calidade do medio mariño así como na aplicación da normativa de avaliación técnico-sanitaria dos produtos do mar.

A decisión adoptada pola ENAC tras a auditoría realizada en 2020 e despois da solicitude feita polo Intecmar -froito dos cambios nos métodos de ensaio ou pola incorporación de novo equipamento e novos procedementos de análise- implica unha mellora importante da capacidade analítica do laboratorio.

No caso da determinación de metais pesados pásase dunha técnica de análise monoelemento (metal a metal) a unha técnica multielemento con maior capacidade que permite a determinación dos nove metais acreditados na mesma análise. En canto á determinación de compostos organoclorados, o novo equipamento permite a cuantificación e a confirmación dos contaminantes nun mesmo ensaio, en vez de precisar de dous ensaios en dous equipamentos de cromatografía de gases con detectores distintos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Este fito tamén confirma a competencia técnica do Intecmar para realizar o ensaio de referencia para as toxinas paralizantes de molusco logo do cambio da normativa europea que substituíu o método do bioensaio como método de referencia para a determinación de toxinas mariñas paralizantes polo método químico reducindo o uso de animais de experimentación en concordancia coa normativa europea de benestar animal.

A ampliación da acreditación supón ademais a mellora da seguridade alimentaria xa que ao reforzar os controis se avanza na protección dos consumidores fronte a contaminantes químicos ou biotoxinas mariñas. Isto permite asegurar unha calidade suficiente para a explotación dos recursos e un mellor control das posibles fontes de alteración ambiental que poidan prexudicar a calidade das augas. Ao mesmo tempo, fai que o centro acade altas cotas de competitividade e se manteña como un referente tanto a nivel nacional como internacional.

**Traballo previo**

Esta ampliación da acreditación é froito dun importante traballo previo que incluíu distintas accións como a adquisición de novos equipamentos de análise instrumental, a modificación das instalacións do centro para contar con tres novos laboratorios, o desenvolvemento das novas metodoloxías de análise e a cualificación do persoal, entre outras.

Estas melloras enmárcanse na aposta blindada da Consellería do Mar polo Intecmar que levou a que o seu orzamento aumentase máis dun 50% desde 2013. De feito, este ano volve subir un 6%, destacando o incremento dos gastos en investimentos, que supera o 30%, coa finalidade de continuar coa incorporación de novos equipamentos e dotar os laboratorios das ferramentas necesarias para novas técnicas de análise. Isto permitirá ao centro manterse á vangarda e seguir como referente tanto a nivel nacional como internacional.

**O Intecmar**

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia foi creado como ente público en 2004, como instrumento oficial da comunidade para o control da calidade do medio mariño, contribuíndo á súa protección e mellora, e para a aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar. Nese momento asumiu as competencias, o persoal e as instalacións do antigo Centro de Control do Medio Mariño (CCMM) ampliando as súas funcións. Na actualidade conta con 3.600 metros cadrados de instalacións en que prestan servizo 85 empregados públicos.

O centro conta coa acreditación da ENAC desde marzo de 1999 e desde entón foi renovando e ampliando as acreditacións para distintos tipos de ensaios ata chegar aos



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

23 actuais. Nestes 21 anos de acreditación o instituto superou con éxito as 18 auditorías externas a que foi sometido.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"